

Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez • Subdirección: María-Xosé Fernández Cerviño
Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz
Administración: Xulia Vázquez Randulfe

marzo 2/2011

Prezadas socias e socios:

O Padroado do Museo do Pobo Galego reuniuse en sesión extraordinaria o 5 de marzo para valorar a situación económica da institución e propoñer medidas para procurar solucións axeitadas nun momento especialmente difícil.

Como xa anunciamos nas Páxinas de xaneiro, **o Museo enfrenta o ano 2011 cunha considerable diminución dos seus recursos económicos. Esta redución, que chega ao 21% verbo dos orzamentos de 2010, compromete o desenvolvemento das actividades programadas e mesmo o mantemento do actual réxime de apertura.**

Desde que foi fundado hai 35 anos como unha iniciativa da sociedade civil, o Museo ten un firme respaldo da sociedade galega. Está declarado de utilidade pública e conta con máis de mil socios activos. A oferta museística e as actividades culturais que programa reciben visitantes de todo o mundo, que no ano 2010 superaron a cifra de 90.000.

Despois desta longa e frutífera traxectoria, a institución encara agora un proxecto de renovación integral para dar resposta ás novas demandas da sociedade, axeitar os contidos ao estado dos coñecementos e acoller a innovación nos seus espazos expositivos. Ende ben, como consecuencia do contexto económico xeral, o sensible descenso das achegas públicas, que constitúen unha parte fundamental dos ingresos, impón a adopción dunha serie de actuacións que permitan garantir a continuidade da actividade e a súa proxección cara ao futuro.



(Foto Tino Viz)

A primeira medida afecta á gratuidade do acceso. En maio de 2008, logo dun demorado estudo da proposta de cobro de entrada, o Padroado acordou desestimar esta posibilidade. Non obstante, na pasada asemblea de decembro de 2010, **diante da adversa evolución da situación económica, que mesmo pon en perigo o pagamento de nóminas e a continuidade do seu nivel de actividade, o Padroado** xulgou pertinente reconsiderar aquela decisión e **acordou por unanimidade establecer un prezo de entrada, que entrará en vigor o próximo 1 de abril.** A entrada ordinaria fíxase en 3 euros, e contéplanse as correspondentes reducións e exencións atendendo ás características do público visitante. Así, **o acceso será gratuito para os socios e socias do MPG**, estudantes de 1º e 2º ensino, e traballadores no paro, e tamén para visitar as exposicións temporais. Ademais, a entrada será libre os

domingos, o Día Internacional dos Museos e mais o 29 de outubro, aniversario da inauguración do Museo.

Entre as accións que se poñen en marcha está tamén o **recurso aos sectores empresariais, apelando á responsabilidade social corporativa** e invitándoos a participaren activamente no proxecto colectivo que é o Museo do Pobo Galego, unha realidade viva na que habitan moitas lembranzas e ilusións compartidas.

Pero é, unha vez máis, no colectivo de socias e socios onde esta institución atopa o substrato do que se nutre. Por iso **reiteramos a chamada á vosa contribución** nesta procura dos recursos necesarios para continuar desenvolvendo o labor de investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega en todos os seus ámbitos.

A Xunta Reitora e a Dirección do Museo

VINTE E CINCO ANOS DE ADHESIÓN

O vindeiro 7 de maio celebrárase a asemblea anual de socios do Museo. Como cada ano, aproveitárase a ocasión para impoñer a aquelas persoas que cumpren vinte e cinco anos como socios a insignia de prata da institución. Este ano serán:

- Juan Carlos DE LA VEGA CASTIÑEIRAS
- Santiago GARCÍA MOSQUERA
- Purificación GONZÁLEZ VIÑAS
- Belén LORENZO RUMBAO
- Gonzalo MEIJIDE CAMESELLE
- Carlos MÉNDEZ MÉNDEZ
- Roberto PENA PUENTES
- María Luísa RAÍCES NÚÑEZ
- Rafael RANDULFE VEITES
- María Luísa RÚA PÉREZ
- Xulia VÁZQUEZ RANDULFE

Tamén os patróns Xosé FUENTES ALENDE (numerario) e o SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (institucional) cumpren 25 anos como membros do Museo. A entrega da

insignia de prata terá lugar o 28 de maio, no decurso da asemblea ordinaria do Padroado.

Invitamos aos socios e socias a se sumaren a esta xornada de encontro e participación.

NOVOS SOCIOS E SOCIAS

Durante o pasado ano 2010 producíronse trinta e dúas incorporacións ao colectivo de socios:

- María ABELLEIRA MÉNDEZ
- Aurelia BALSEIRO GARCÍA
- José Enrique BENLLOCH DEL RIÓ
- Mercedes BUJÁN GUNTÍN
- Beatriz BUSTO MIRAMONTES
- Juan FERRÁS VÁZQUEZ
- Severino FIGUEIRAS LESTÓN
- Susana FRANCO MASIDE
- Noelia GARCÍA FERREIRO
- Pilar GIL ROMERO
- José Manuel GONZÁLEZ MONJE
- Airas HERMIDA FERNÁNDEZ

- María do Carme HERMIDA GULÍAS
- Mario LAMAZARES SILVA
- Marcos LORENZO GALLEGO
- Martín LOSADA MÉNDEZ
- Ángel MARTÍNEZ LOSADA
- Lourdes MOSCOSO SIAVA
- Elsa PEREIRA RODRÍGUEZ
- Antonio PÉREZ CASAS
- Xabier PRIETO TEJERINA
- Francisco Javier QUINTELA SANMARTÍN
- Fernando QUINTELA SANMARTÍN
- Javier RAMOS VILLARES
- Rafael A. RAPOSO RODRÍGUEZ
- Sergio ROCA PEREIRA
- Cristina SÁNCHEZ CARRETERO
- Henrique SEOANE PRADO
- Lucía SOLLÁ SOBRAL
- Patricia TORRADO QUEIRUGA
- Mercedes VÁZQUEZ BERTOMEU
- Beatriz VÁZQUEZ MOURIÑO

Dámoslles a benvinda e agradecemos o seu apoio, máis necesario ca nunca, ao tempo que reiteramos a invitación a intensificar a campaña de inscrición de novos socios.

ACTIVIDADES DO MUSEO

COLECCIÓN

A comezos do presente ano, a colección de indumentaria do Museo viuse incrementada grazas a dúas importantes doazóns: por unha parte, a colección de



(Foto Tino Viz)

Roberto Reigosa Méndez, con prendas procedentes do Valadouro e, por outra, as prendas femininas achegadas por Miguel García Barreiro do lugar da Silvouta (Vilvestro, Santiago de Compostela). En total suman un gran número de pezas que están en proceso de rexistro e catalogación.

A colección de Roberto Reigosa é froito de varios anos de recompilación de prendas antigas por diferentes zonas dos concellos de Ferreira do Valadouro, Alfoz e Mondoñedo. Está formada por prendas de indumentaria, roupa da casa (colchas, mantas...) e complementos diversos (paraugas, pipas de fumar, carteiras...). Hai prendas masculinas (chalecos, capas...), femininas

(saias, mandís...) e incluso infantís; prendas interiores (calzas, xustillos...), exteriores (chambras, mantos, panos...) e de abrigo (mandil de cubrir, gabáns...) e tanto de zonas rurais como de ámbito villego. Cronoloxicamente abrangue un período moi longo, dende un antigo paraugas con todas as variñas de madeira, posiblemente do século XVIII, ata saias e pantalóns de tecidos industriais, pasando por chaquetas de veludo de finais do XIX ou toucas de pelo de cabra dos anos 20 e 30 do século XX.

As prendas doadas por Miguel García Barreiro son tamén de grande interese para a colección. Neste caso, trátase de roupa familiar, que foi pasando por heranza dunha xeración a outra e que pertencían á bisavoa do donante, Concepción Salaño, cuxas iniciais aparecen bordadas nalgunhas das prendas. O conxunto está formado por varios mantos, saia, mantelo, mandil, dúas mantelas, un dengue e un par de medias.

A pesares de ser roupa de épocas e procedencias moi diferentes, teñen unha característica común: practicamente todas as prendas foron concibidas para



seren usadas a cotío, para ser empregadas de forma habitual polas persoas que foron as súas propietarias: é roupa para traballar, para ir a misa, para pasear polas rúas dunha vila, para ir á feira; é roupa que levaron familias labregas ou familias da burguesía villega ao longo da súa vida. Unicamente tres ou catro pezas responden a un concepto de indumentaria totalmente diferente, máis relacionado co mundo do folclore: trátase de prendas pensadas e deseñadas ou renovadas e adaptadas para seren empregadas como vestuario dun grupo folclórico, como disfraz de Entroido, ou como prendas de pose e de lucimento para días sinalados.

EXPOSICIÓNS



(Foto Tino Viz)

• *(m)², nais e fillas construíndo o futuro*

Ata o 10 de abril

Desde o 4 de marzo permanece aberta a exposición fotográfica na que Xosé Abad presenta imaxes de mulleres a través de dúas xeracións que, sen estar moi distanciadas no tempo, reflicten unha diferenza laboral e sobre todo vital. A intención do autor é amosar o salto entre dúas xeracións de mulleres cunha relación de afectividade, con vidas diversas ligadas a traballos moi diferentes, que transcenden do privado e particular ao xenérico e emblemático, converténdose en representantes de dúas formas de vida.

Na primeira fotografía podemos ver nais que responden á imaxe tradicional da muller, en moitos casos ligada ao sector primario e con escasa formación académica, pero con moito oficio. Nais que, cun grande esforzo, procuraron un futuro distinto para as súas fillas, plasmado nunha forma de vida e de oportunidades que elas non tiveron.

Na segunda fotografía podemos ver fillas que representan a xeración que se incorpora masivamente ao mundo do traballo e á sociedade dende unha posición enfrontada aos estereotipos tradicionais. Traballadoras dos sectores industrial e de servizos e cunha boa cualificación profesional.

Na terceira imaxe aparecen xuntas, próximas e cómplices, sabias e satisfeitas do camiño percorrido... Unidas polo vencello nai-filla, o seu discurso aparece normalizado dentro dunha situación común á que non é alleo o espectador. Cun enfoque profundamente humano, o público achégase aos conflitos dos que son partícipes estas mulleres nun contexto de crise.

Acompaña a exposición un documental realizado por Sandra G. Rey que recolle os testemuños das protagonistas das imaxes de Xosé Abad.



(Foto Tono Arias)

• *FotoRAPA10. III concurso de fotografía Rapa das Bestas de Sabucedo 2010*

24 marzo a 31 abril

En colaboración co Concello da Estrada
[En Sabucedo] *O espectáculo adquire unha*

plasticidade singular. Por eso resulta tan atractivo non só para os espectadores senón para os fotógrafos. E ten o encanto de que se trata dunha loita corpo a corpo entre o home e a besta. E inda que se resiste, de pronto o cabalo dá a impresión de que é cómplice de todo aquilo; que participa da festa. Xosé Neira Vilas.

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA *ENTRE AMIG@S* Recordatorio

A Oficina dos Socios prepara unha nova edición da mostra de fotografía bial *Entre amig@s*, que se inaugurarán o 7 de maio, coincidindo coa asemblea ordinaria dos Socios do Museo.


As obras deberán ser enviadas ao Museo ata o 31 de marzo de 2011. As series, que poderán constar de entre 4 e 10 imaxes, en branco e negro ou cor, terán que ter un formato papel de 20 x 30 ou 30 x 40 cm e haberán vir acompañadas dun texto (unha páxina DIN A4) que faga constar a autoría, lugar e data da reportaxe, título da serie e unha breve análise ou descrición da mesma.

Para máis información, os socios e socias interesadas pódense poñer en contacto con Rosa Méndez no teléfono 981 583620 ou no correo electrónico: biblioteca@museodopobo.com

PUBLICACIÓNS

• *Exposición Galega de 1909*


Consortio de Santiago.
Museo do Pobo Galego



No ano 2009 o Museo non foi quen de atopar os apoios necesarios para realizar unha mostra conmemorativa do centenario da magna *Exposición Regional Galega* de 1909. Gracias á xenerosa resposta do Consorcio de Santiago, podemos agora ofrecer este volume que “rescata da escuridade dos tempos idos aquel esforzo de moitos galegos por levar o seu país a cotas máis altas de progreso e benestar”. Nel participan os autores Justo Beramendi, Alfredo Vigo, Ángel Fernández e Jesús Giráldez, Margarita Barral, Francisco Fariña, Mercedes Rozas, Belén Sáenz-Chas, María Virtudes Pardo, Xosé Ramón Fandiño, Carlos Iglesias e Fuco Sanjiao, José Manuel González, Rosa Méndez e Isabel Romani.

O prezo de venda ao público é de 20 euros. Os socios do Museo teñen un 40% de desconto.

BIBLIOTECA



Os socios e patróns escriben

Acusamos recibo e agradecemos as contribucións recentes dos patróns e socios á Biblioteca, que se relacionan a seguir:

- BERAMENDI, J., (2008) La reconquista del Ágora. En *Fernando Sánchez Castillo: La calle es mía*, Vigo.
- CASAL GARCÍA, R. e GONZÁLEZ SOUTELO, S. (2010) *Os balnearios de Galicia: orixe e desenvolvemento*. Santiago.
- GARCÍA MARTÍNEZ, C. e ACUÑA CASTROVIEJO, F. (2008) Xosé María Álvarez Blázquez e a arqueoloxía da resistencia. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 369, 133-144
- GONZÁLEZ PÉREZ, (2011) *A indumentaria tradicional galega: o traxe feminino*. Ourense
 - e CES CANLE, M. (2010) *A pesca da lamprea no río Tambre: Historia, artes e gastronomía*.
- e CONDE LOURIDO, D. (2010) As pías bautismais de Pontearreas, en *Pregón: revista da festa do Corpus Christi de Pontearreas*.
- LORENZO, M. (2005), *Liquidación de existencias*. Santiago
- MARIÑO FERRO, X.R. (2010) *Los amores del ciervo*. Salamanca
- SOEIRO, T. (2009) Estruturas moageiras, pesca e navegación no Baixo Tâmega-Amarante. En: *Il Congreso Histórico de Amarante* (xunto a unha ducia de publicacións da súa autoría e de anos anteriores)
- VILAR ÁLVAREZ, M. (2009) *Vin porque me trouxeron, non quería vir*. De Carnota a Astoria. A emigración de Carnota na cidade de Nova York. En: *Estudios migratorios*, vol. II, n. 2

A partir do 1 de abril entran en vigor as tarifas de visita ao Museo

En cumprimento do acordo da asemblea xeral extraordinaria do Padroado, celebrada o 5 de marzo de 2011, a partir do próximo venres 1 de abril entrarán en vigor as tarifas de visita ao Museo:

- Entrada ordinaria: 3 €
- Entrada reducida: 1 € (maiores de 65 anos, estudantes maiores de 16 anos)
- Entrada gratuíta: socios do Museo, menores de 16 anos e traballadores no paro
- Grupos a partir de 8 persoas, ou de 4 persoas con carné de familia numerosa: 2 € por persoa

- Visita a exposicións temporais: gratuíta
- A entrada será libre para todo o público os domingos, o 18 de maio (Día dos Museos) e o 29 de outubro (aniversario do MPG).
- As persoas que veñan acompañadas por un socio ou socia do Museo pagarán 2 €
- Igualmente, establécese unha tarifa de 20 € polo servizo de visita guiada concertada con antelación. Os grupos non deberán superar as 25 persoas.